

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

6017 *Real decreto 359/2009, do 20 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, polo que se regula o procedemento especial para o reintegro das prestacións da Seguranza Social indebidamente percibidas.*

O artigo 45 da Lei xeral da Seguranza Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, establece a obriga de reintegrar as prestacións de Seguranza Social indebidamente percibidas. Así mesmo, o artigo 40.1.b) da mesma lei permite que as prestacións da Seguranza Social poidan ser obxecto de retención, compensación ou desconto, cando se trate de obrigas contraídas polo beneficiario dentro da Seguranza Social.

Esta posibilidade, recoñecida no referido artigo 40.1.b) da Lei xeral da Seguranza Social, de satisfacer as débedas orixinadas polos conceptos sinalados mediante os oportunos descontos nas prestacións da Seguranza Social, foi obxecto do adecuado desenvolvemento regulamentario mediante o Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, polo que se regula o procedemento especial para o reintegro das prestacións da Seguranza Social indebidamente percibidas.

Este real decreto establece un procedemento especial a que deben axustar a súa actuación as entidades xestoras da Seguranza Social para facer efectivos mediante descontos os aludidos reintegros, naqueles supostos en que o debedor de prestacións indebidamente percibidas é, asemade, acreedor de prestacións económicas xestionadas polas mesmas entidades.

Ademais desta norma, o artigo 80 do Regulamento xeral de recadación da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, prevé tamén outro procedemento para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas, que unicamente será aplicable naqueles supostos en que non fose posible a aplicación do procedemento especial de reintegro por desconto, regulado no Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, ou ben cando, iniciado este, non fose posible efectuar as deducións necesarias para cancelar a débeda na súa totalidade.

Cómpre, porén, completar a vixente regulación sobre o reintegro das prestacións de Seguranza Social, no sentido de encher o baleiro normativo existente naqueles supostos en que o debedor de prestacións indebidamente percibidas e aboadas a través dunha entidade xestora é, asemade, acreedor de prestacións económicas aboadas no mesmo período de tempo, incompatibles con aquelas e xestionadas por entidades distintas, sempre que ambas as prestacións estean comprendidas na acción protectora do sistema da Seguranza Social, nos termos establecidos no artigo 38 da Lei xeral da Seguranza Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, polo que se regula o procedemento especial para o reintegro das prestacións da Seguranza Social indebidamente percibidas.

O Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, polo que se regula o procedemento especial para o reintegro das prestacións da Seguranza Social indebidamente percibidas, queda modificado como segue:

Un. O número 2 da disposición adicional segunda queda redactado nos seguintes termos:

«2. De igual modo, sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira, quedan excluídas da aplicación do procedemento previsto neste real decreto as débedas por prestacións por desemprego indebidamente percibidas, cuxo reintegro se rexerá polas súas normas específicas.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional, a terceira, co seguinte texto:

«Disposición adicional terceira. *Reintegros de prestacións indebidamente percibidas, recoñecidas por outras entidades.*

Cando a entidade acreedora das prestacións indebidamente percibidas sexa diferente da que deba aboar a nova prestación ao debedor, o reintegro das prestacións indebidamente percibidas poderase efectuar mediante o seu desconto da contía que se deba aboar como primeiro pagamento ao se recoñecer a nova prestación, cando se trate de prestacións incompatibles e sempre que ambas estean comprendidas na acción protectora do sistema da Seguranza Social, nos termos establecidos no artigo 38 da Lei xeral da Seguranza Social.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial habilitante.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES